


01 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 789

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Xiana Arias



Seis historias tigre

Xiana Arias

Un personaxe creado “para facer unha especie de relato gracioso para os amigos”, Lara Tigre, foi o punto de partida das seis historias que Xiana Arias Rego (A Fonsagrada, 1983) achega neste monográfico, co que se estrea na publicación de narrativa. “Son practicamente tamén os primeiros relatos que escribo. Apetecíame probar coa construción de diálogos”, explica a autora, que sinala tamén a influencia de Alberto Lema, Belén Copegui, a novela negra ou a banda deseñada. Arias cativou a crítica e lectores con *Ortigas*, premio Pérez Pallaré no 2006. A súa voz poética pode rastrexarse tamén nas revistas *Dorna* e *Xistral*, no volume colectivo de apoio ao Cineclube de Compostela *Pirata* e no *Diario Cultural* da Radio Galega, no que traballa como xornalista. Poemas que implican ocos, segundo ela mesma di. Magoarse para tentar comprender.

We are all prostitutes

–Érguete. Veña. Chegamos tarde.

El fai o amago. Míraa aos ollos. Sorrí.
“Veña!”. Unha chaqueta negra sobre pantalón negro. Tennis negros. Pelo negro. Limpas as gafas cun anaco de papel de baño que gardou nun peto. Á noite. Cando saíu da casa. Hai once horas.

–Non vou.

–E iso?

Dálle o último trago ao café. Entra unha rapaza. Tose. Intenta vender cinseiros feitos con latas e/ou panos de papel. Revolve no bolso e dálle un euro polos panos. El levántase e empeza a dar voltas arredor da mesa. Arrima a cadeira. Volve desarrimala. Volve sentar.

–Por favor! Estamos perdendo o tempo.
Como que non vés?

–Quero ir durmir.

–Durmir? Tes toda a noite para durmir!
Que che pasa? Pareceuche mal algo? Que fixen agora? Mira, toma. Vai ao baño e esperta!

–Non quero espertar, quero durmir.

–Non o podo crer.

–Vas chegar tarde.

–Xa sei que imos chegar tarde! Pero ti vas vir, oes? Vas vir.

O camareiro pasa e ela ofrécelle un billete de cincuenta euros.

–Non tes menos?

–Non.

–Non sei se terei cambio.

–Pois non teño menos.

El mira o billete. Míraa a ela.

–Pódesme deixar vinte?

–Non.

–Non?

–Case non teño pasta.

–Como que case non tes? Cincuenta euros!
Eu non teño nada!

O camareiro volve co cambio e póusao así de mala gana sobre a mesa. El colle vinte euros e co apuro tira ao chan o paquete de panos. Non se agacha a recollelos.

–Vaite xa. Vou ir durmir.

–Ti verás.

Vai á barra e pide un vaso de auga. Un tubo case cheo. Báixao de golpe. Pasa pola mesa e colle outros dez euros do prato. Ela agárralle a boneca. El sóltase con rabia. Non se despide ao saír.

Nin a calor que ela queredría para mediados de xuño nin o frío das noites pasadas. Pénsao un momento. Colle unha chaqueta. Pona. Sácaa. Colle outra. Esa si. O bolso, o teléfono, o tabaco, o chisqueiro. Unha goma para recoller o pelo. Nos locais vai calor. Pecha a porta da casa. Baixa ata o primeiro. Volve subir. Abre a porta. Saca a chaqueta. Colle un xersei. Volve saír. Pecha con forza. Xa na rúa saca o teléfono. Escribe unha mensaxe: “Chego en dez minutos. Perdoa”.

–Que che apetece cear?
–Pizza?
–Non, ou? Comín pizza onte.
–Non sei, calquera cousa. Non teño moita fame.
–Teño sede.
–Si, eu tamén.
–Que tal no traballo?
–O de sempre. Ganas de que chegue o venres pero as fins de semana non dan para nada.
–Peor librar só domingo, non?
–Xa.
–Vouno deixar.
–E que vas facer?
–Non sei.

Ten un pouco de frío. Mira á súa amiga que leva unha chaqueta delgada. Cean hamburguesas.

–Unha completa.
–Unha sen cebola.
–Non tes frío?
–Aquí?
–Fóra.
–Non moito.
–E se nos imos unha temporada?
–A onde?
–Se ti deixas o traballo igual tamén o deixo eu.
–Por que?
–Non me gusta.
–Xa. E cal che gusta?
–Ningún.
–Pois iso.
–E logo ti?
–O meu está peor pagado e ten peor horario.
–Cambiocho unha temporada.
–Non digas parvadas.
–Perdoa.
–Queres outra caña?
–Si.
–Vas ter que invitar que non me lembrei de pasar polo caixeiro. Tes?
–Teño.
–A onde che gustaría que fosemos?
–Que che parece Berlín?

–Non sei.
–Liches o cómic de Jason Lutes que che pa-sei?
–Cres que ten moito que ver co Berlín que atoparías hoxe?
–Non sei. Non o digo por iso.
–Namoras con ben pouco.
–Ti cres?
–Creo.
–Que fixeches o domingo?
–Durmir. Deiteime pola mañá.
–E con quen saíches?
–Cun amigo do traballo.
–Tes amigos no traballo?
–Algún si. Ti non?
–Non. Creo que non.
–Cres?
–Non. Non teño.
–Que facemos? Apetéceteche dar un paseo?
–E se imos tomar unha copa?
–Invitas?
–Si.

Empeza a chover. Escoitan como dan as once. Míranse. A amiga con chaqueta prende un cigarro e pásalle unha man polos ombreiros. Canta. Haré una sopa con mi pena, sopa, sopa, sopa... oh Luba, Luba ayúdame este es un río de veneno...

–Que mal cantas!
–Xa, pero polo menos canto.
–Iso non se pode negar.
–Anímate anda, que te vexo un pouco apagada.
–Un pouco si.
–Se queres facemos un bote, imos metendo moedas dun euro todos ou case todos os días ata que teñamos para ir a Berlín...
–Non, se tampouco teño tantas ganas.
–Xa.

Dime algo

Esperta e mira o teléfono. Durmiu a sesta horas demais. Mensaxe: “Vou andar por aí esta tarde. Cres que poderemos vernos?”. Segunda mensaxe: “Dime algo”. Hora da mensaxe: 16.38. Hora á que esperta: 17.46. Fóra chove. Érguese do sofá. Vai ao baño. Busca ibuprofeno. Toma unha pastilla de 600mg. Un vaso de auga. Outro. Contesta: “Perdoa. Estaba durmindo. Por min vémonos”. Vai á cociña. Abre a neveira. Volve pechala. Mira enriba da mesa. Colle unha mazá. Lávaa. Senta no sofá e mira o teléfono. Acaba a mazá. Vai á neveira. Colle unha cervexa. Volve ao sofá. Pon música. Mira o teléfono. Colle o xornal. Iniciativa Internacionalista se queda fuera. La referencia política de Batasuna consigue dos de cada tres de sus votos en Euskadi. Le a información. Remata a cervexa. Mira o teléfono. Escribe: “Dime algo”. Mensaxe: “Publicidad: promoción de verano, envía cien mensajes y paga uno. Infórmate en el 5454”. Levántase. Colle outra cervexa da neveira. Tira o xornal ao chan. Colle o teléfono. Chama. “El teléfono al que usted llama está apagado o fuera de cobertura”. Tira o teléfono. O disco remata. Dálle para que empece outra vez. Déitase no sofá mirando o teito. Recolle o xornal. Le a Plétora de Piñatas de Mauro Entrialgo. Guía de los equívocos frecuentes del viajero. Dous macacos confunden a frecuencia de radio co taxímetro. Non lle fai graza. Colle o teléfono. Volve chamar. Apagado ou fóra de cobertura. Levántase. Busca un cigarro. Non ten. Vai á habitación. Cálzase. Baixa ao bar de en fronte. Non o ve. Pide cambio. El está lendo o xornal e tampouco a ve. La número dos de la candidatura, Doris Benegas, declaro anoche en Pamplona que, tras las dificultades por las que ha atravesado su candidatura “llegar hata aquí ya es unha victoria política”. Sae co tabaco. Volve á casa. El sabe en que barrio vive pero non en que casa. Pola noite: “Xa de volta. Perdoa pero quedei sen batería. Vémonos para a semana, bicos”. Mensaxe: “Ok. Bicos”.

IV

Coñac

Dous días. Levaba dous días quedando durmida. Dous días chegando tarde ao traballo. Decidiu non baixar de todo a persiana. Puxo un espertador ás 7:45 na mesiña da esquerda e outro ás 7:59 na outra punta da habitación. Encolleuse no lado dereito da cama. Ás 8 e un minuto ergueuse de moi mala gana. Meteuse na ducha. Cafeteira ao lume. Crema suavizante no cabelo. “Para que?”. Cunha toalla na cabeza. Vai do baño á cociña e apaga o café. Nin mel, nin dátiles, nin leite. Almorza só café cun pouco azucre. Vístese lenta e de súpeto rápida, como se lle acordara a présa, pero cálzase lenta. Na cabeza unha conversa. “Sabes bailar tango?” Qué vai saber bailar tango. Baila sempre igual. Colle o impermeábel de verán e un paraugas algo roto. Rebusca no bolso. Comproba que si. Que leva chaves da casa, chaves do coche... Sae. Está nubrado. Camiña coa cabeza baixa, sen mirar o coche. E cando está a dous pasos “Ai, deus”. Pecha os ollos. Ábreos. “Non, non, non”. Si. Hai un panda metido no seu punto. Da a volta. Mira o portal. Volve mirar o coche. “Volvo para a cama. Non. Pixama e sofá”. Cabrea-se ao decatarse de que ten unha man tapando a boca. Non gusta de ter reaccións esperadas. “Unha pistola, eu o que necesito é unha pistola”. Entra no bar de abaixo da súa casa. Poucas veces entrou. Non hai máquina de tabaco. Odia os bares sen máquina de tabaco. É feo. Soa Gloria Estefan. “Vou volver para a cama e punto. Se fai falta non me levanto máis”. Pide coñac. Alégrase de que non lle pregunten se deste ou daquel outro porque non ten nin idea.

- _ Mala cara.
- _ Eu?
- _ Non te ofendas, eh.
- _ Hai un panda vermello atravesando o meu coche.
- _ É teu o punto?
- _ É
- _ Xa.
- _ Sabes de quen é o panda?
- _ Sei, pero...
- _ Que?
- _ Uf, supoño que andará por aí durmindo a mona.
- _ Xa. De quen é?
- _ Pois dun que onte estaba borracho nena. Dun borrachiño que anda por aquí todas as noites e nunca tal lle pasara. Foi mala sorte.
- _ Mala sorte?
- _ Si.
- _ Como se chama?
- _ Pois tanto non sei.
- _ Non dixeches que o coñecías?
- _ Sei quen é. Tamén sei quen es ti e non sei como te chamas.
- _ E quen son?
- _ A que vive no segundo esquerda.
- _ E el onde vive?
- _ Pois non sei... por aí abaixo... en Pántaras ou así.
- _ Xa.

É algo que sempre lle pasa. Cando lle chaman “nena”, cando se pon nerviosa ou cando se asusta só pode pensar nunha pistola. Sobre fondo azul. A pistola instálase na cabeza e non lle dá para máis.

- _ Voute matar.
- _ Que?
- _ Que me cobres!

Alguén como Jimi Corrigan

Dous golpes coa perna dereita, un coa esquerda. Dous coa dereita, un coa esquerda. Ergue a cabeza. Saca unha herba da boca e mira ao redor. Non ve nada. Pero. Dous golpes coa perna dereita, un coa esquerda. Dous coa dereita. Agora si. Un home ao que xa non tapan as árbores aparece e mesmo saúda. Coa man. Sen mediar palabra. Ela move a cabeza como dicindo si, ola. Vaia susto. Susto ou morte? Dous golpes coa perna dereita, un coa esquerda. Pero. Tres golpes, catro, cinco coa dereita, un coa esquerda. “Este que fai?”. Revólvese na herba e volve miralo. Está quieto. Logo. Seis golpes coa dereita, un coa esquerda. “Cada vez se aproxima máis aos resultados das eleccións”. Volve andar. Dous e un. Dous e un. Pero. Volta. Outra vez pasa por diante. “Estasme poñendo nerviosa, maldito!”. Senta. Silencio. Ela retórcese e quita as herbas pegadas á camiseta. Outra vez. Dous e un. Tres e un. “Merda”. As árbores tápano. Cinco e un. “Se ata te pareces a Jimi Corrigan!”. Dous e un. Dous e un. “Por que andas así, fulano?” Resumo. Jimi Corrigan é un cómic de Chris Ware. Ela está a mirar nun libro imaxes da Exposición Rexional de 1909 en Compostela. No álbum de Ware aparece unha Exposición Universal e os debuxos crúzanse coas fotografías. E agora: dous golpes coa perna dereita, un coa esquerda.

– Ti.

Cóllea por sorpresa. “Estame falando Jimi Corrigan? Merda, merda”.

– Eu.

– Ti.

– Eu, si, que?

– Hora.

– Non teño hora.

– Que hora é?

– Desculpa pero non sei que hora é.

Mete a cabeza entre os brazos. Case morde a herba. “Pero por que son tan desagradable?”.

– Ti

“Non lle penso contestar”. Dous e un. Dous e un.

– Ti

– Que?

– Hora.

“Isto é moito”. Érguese, recolle o que cisca pola herba. O libro de fotos. Acid House

de Irvin Welsh. Un chisqueiro. O tabaco. O teléfono.

– Son as sete e vinte!

– Ti.

– Que?

E vaise.

VI

La Gallera

8 | **r d l**
Galicia Hoxe 01/10/09

- Que che pasa?
- Nada.
- Pois non parece.
- Que canción é esta?
- Cal?
- Bua, Für Elise.
- Anda... si!
- Que cursilada.
- Que disco é?
- Un saxofonista do 73. Pero o tío sobre todo é dos sesenta. Baixeino por curiosidade pero non me gusta moito.
- De onde é?
- Negro. Americano.

Lara Tigre está sentada no sofá. Mira pola fiestra aberta pero non por mirar cousa ningunha. Está convencida de que non pode facer absolutamente nada. Convinceuse cando empezou a tremer. Case a tremer. Era máis coma un terremoto de 1'7. Lera pola mañá no xornal que na Fonsagrada houbera un terremoto de 1'7 e dicían “ni lo notó la población”. Ou algo así. Non dicían nada sobre os tremores dun cu de mal asentado. Nin se os notaba a poboación. Nos seus ollos non se le nin a metade do que sabe. Perdí en la gallera mi mejor espuela. Un saxofón na súa cabeza. Alguén abaneándose por algunha rúa. Culpa da música. “Non digas culpa, muller”. Lentas. Sen lentas. Distorsión. Disolver. Dispersar. Dirección. Escoller dirección. A imaxe para algo estúpido como a melancolía. A memoria da sede. Outra cousa é tremer. Pecha os ollos. Instala na cabeza dous altosfalantes. Dun sae a Rumba de Vergara tocada no acordeón dun descoñecido nunha rúa calquera dunha cidade calquera, lonxe de Compostela. Doutro Typical Girls de The Slits. Inténtao. Non chega. Quere máis. Tres altosfalantes. Suma a voz de Hector Lavoe. Porén, a cabeza non estoupa. I wanna be sedated! Os catro altosfalantes rodean unha cama de hospital. Cantas veces esa imaxe. Ela nunha cama de hospital. Como cando de pequena imaxinaba accidentes cando alguén se enfadaba con ela ou lle rifaban. “Seguro que se enfermo se arrepinten do que dixeron”. O gintonic é da cor do soro. Pero non, non. Está no sofá. Non hai enfermeiras. Non hai aloumiño. Non hai xenebra. Hai tremor. Un saxofonista. Unha guitarra eléctrica. Unha batería. Que Urro toque no balcón. De costas. Sen tocar para ela. Nin para ninguén. Fiestras para mirar para nada. Prende un cigarro. Lara Tigre está convencida

da conspiración entre os invernos, as torturas e os metais. Na porta do baño do bar no que máis bebe alguén escribiu versos de Roque Dalton: Non esquezas nunca que o menos fascista de entre todos os fascistas tamén é un fascista. A cama de hospital cambia. As paredes negras. Ao fondo unha pantalla branca un pouco rota. Que imaxes para algo tan estúpido como a melancolía? A rapaza á que lle collía o puño enteiro na boca, coa marea negra ás costas, dicíndolle a aquel neno “teu pai é do PP”. Aquela concentración “non nos moverán” no Obradoiro pedindo ciclos formativos para o instituto da Fonsagrada. O cartón onde unha muller escribira “En *Kosogo* discriminación étnica y Fonsagrada sin ciclos formativos”. O tremor. Estar en contra de cousas que unha mesma fixo. Supón que iso é aprender. Adolescente madura ou madura adolescente. Aquelas ganas de pintar a rúa toda con “Que o coman e o guisen todo”. E logo “A nosa vida vale máis que os vosos beneficios”. E logo “Organiza a túa rabia”. O nó no estómago de “Imbéciles: podedes deixar de selo, lede a Marx”. Podería pintar iso. Podería chamarse imbécil a si mesma. Aí os terremotos e os saxofonistas. Supón que iso é aprender.

08 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 790

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**




Jorge Barbi

“Se puidésemos visualizar os nosos sentimentos, primeiro habían aparecer persoas e despois paisaxes. Nacemos con sinais de noso que identifican o noso corpo, pero nin o código xenético nin as impresións dixitais nos din nada sobre o que cremos que somos. Nesa identidade consciente, os lugares que coñecemos, antes incluso de que tivesen nome, conforman unha xeografía persoal interiorizada. Por facelos nosos, deixan de ser do exterior, o escenario da nosa experiencia, para converterse en experiencia mesma”. Jorge Barbi (A Guarda, 1950), explicou con palabras coma estas a súa concepción da esencial relación das persoas cos lugares, cerne da singular poética da paisaxe que zumega a súa obra. O percorrido case diario dos vinte quilómetros de costa rochosa que se abren entre a súa vila e cabo Silleiro constitúe, desde hai 25 anos, unha das principais fontes das que agroma a súa creación, froito do ollar minucioso á realidade e as mudanzas que nela debuxa o paso do

*41° 52' 59" latitude N /
8° 51' 12" lonxitude O*

Jorge Barbi

tempo. Porque, como el mesmo ten indicado, “tódolos acontecementos que nos envolven son irrepetibles; a súa diversidade converte a nosa memoria nun palimpsesto” e “todos, incluso os aparentemente nimios, posúen a forza de facernos volve-la cabeza cara a un espazo inesperado”, (...). O MARCO inaugurará o vindeiro día 16 de outubro unha exposición de obras deste artista, comisariada por Juan de Nieves e coproducida co CAM Fundação Calouste Gulbenkian de Lisboa e a Sociedad Estatal para a Acción Cultural Exterior. Revista das Letras ofrece un adianto desta mostra, cuxo título se corresponde coas coordenadas xeográficas da zona pola que Barbi adoita pasear. Pedras, anacos de madeira, obxectos abandonados que no seu día tiveron outro significado..., simplemente recollidos ou transformados, conforman parte das obras do autor. A escultura, a fotografía, a instalación, son os escenarios desde os que indaga nos límites entre crear, ao xeito do poeta, e coñecer, ao modo do científico. Camiñando. Viaxando, atento aos detalles. Celebrando o misterio das formas, e con el o da vida e a natureza.



As citas textuais de explicacións de Jorge Barbi que foron incluídas na páxina 2 extraéronse dos catálogos *Jorge Barbi. Estoy perdido, no me retenga*, editado pola Deputación de Pontevedra no 1999, e *El final, aquí*, dunha exposición no CGAC do 2008.





Arriba, *Charca 01*, da Serie *Charcas*, 2007-2008; fotografía. No medio, *Voos 2*, de *Voos que non tomei*, 2006; impresión dixital sobre Dibond, 300 x 100 cm. Abaixo, *Depósitos*, da Serie *Antes/Despois*, 2002-2009, fotografía, 122 x 54,5 cm. As tres imaxes puideron incluírse neste monográfico por cortesía do artista.



Ó longo dos últimos vinte e cinco anos Jorge Barbi percorreu case diariamente a mesma paisaxe. Este “pasear” supón un íntimo exercicio físico e espiritual no que o artista se confronta coa paisaxe apenas alterada da súa infancia, e coa cal mantén unha estreita relación emocional. A partir desta práctica sinxela e cotiá pero profundamente arraigada, Barbi extraeu do lugar –da súa xeografía– todo o repertorio de imaxes, obxectos e ideas que conforman o seu pensamento artístico.

Aínda que a maior parte da súa obra está asociada a unha dimensión escultórica –desde a mera apropiación de obxectos atopados ata a manipulación máis elaborada–, non será ata finais dos anos noventa cando o seu traballo se materialize en diferentes series fotográficas que parten dunha observación minuciosa da natureza e as súas transformacións, e da súa atracción pola versatilidade formal que adoptan os seus variados accidentes.

Durante os últimos dez anos, o rexistro de esas imaxes constitúe un extenso arquivo e á vez unha topografía “localizada” de fenómenos temporais. Para a súa realización, o artista asumiu unha dobre función: a dun científico e un poeta para un espazo e tempo determinados.

Para a súa exposición no MARCO de Vigo, o punto de partida constitúeno cinco series de fotografías realizadas nos últimos anos máis unha coidada selección de pezas anteriores, de modo que a partir deste conxunto se poidan establecer novas lecturas do seu traballo. Por outra banda, a noción de retrospectiva queda cuestionada non só en termos dunha suposta lóxica cuantitativa senón sobre todo polo feito de prescindir dun esquema cronolóxico que tende a limitar as capacidades de evocación poética e sensitiva da obra. Así entendido, este proxecto, é dicir: o xeito de asociar diferentes traballos no espazo, a importancia do baleiro, a emanación dunha luz propia ou externa, as diferentes formalizacións

en definitiva que estas imaxes poden adoptar... todo iso estará presente nun xogo de tensións e equilibrios a fin de que o feito expositivo se converta nunha verdadeira experiencia sensorial para a audiencia.


Catro das series referidas correspóndense con diferentes accidentes naturais que o artista foi descubrindo nos seus paseos diarios. Na súa materialización, a dimensión temporal xoga un papel decisivo. Así, en *Charcas* e *Excrementos de gaivota*, as rochas acubillan oquedades e detritos sedimentados lenta e persistentemente; e do mesmo xeito, nas series *Escuma* e *Paisaxes de area*, trázanse as formas caprichosas dun tempo fugaz e irrepitible. Por outra banda, Barbi prolonga a sorpresa do encontro ó desdobrar simetricamente estas imaxes co obxecto de extraer novas formas insospeitadas e inquietantes.

A quinta serie *Antes/Despois* recolle as transformacións producidas tanto na paisaxe como na contorna cotiá do artista. Non hai subxectividade ningunha nestas imaxes, só a aséptica constatación dos cambios que constatan o paso do tempo. Os elementos atopados que xeran estes traballos están representados nun esquemático mapa persoal ao redor dunha liña de costa de 20 quilómetros, formando unha topografía circular e concentrada que podería definirse como un “arquivo de descubrimentos”, verdadeiro diario visual e poético do artista ó longo do tempo.

Este proxecto inclúe tamén unha selección de pezas de diversa natureza realizadas polo artista ó longo de toda a súa traxectoria. Máis que atender a unha vinculación temática coas series fotográficas antes expostas, favorecerase a inclusión de obras que poidan establecer conexións transversais, de modo que o resultado se aproxime máis á idea dunha paisaxe emocional. Para iso, e entre outras pezas, incluíranse *Reconstrucción* (1989), *Little Bang* (1993), *Peza fráxil e sustitutos* (1994) ou *Solutio Perfecta* (1997).

Juan de Nieves

Arriba, *Ponte para insectos, miriápodos, gastrópodos, lagartos e mamíferos pequenos*, 1992 Fotografía 84 x 102 cm. Cortesía do artista. Na páxina seguinte, *Diuculum*, 1995, Madeira, 40 cm de diámetro. Cortesía do artista e, abaixo, 41°56' LN. 8°52' LW, Da serie *Paisaxes de area*, 2007, Fotografía 90 x 130 cm. Cortesía do artista.





15 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 791

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Maria Lado



Mar de fondo

María Lado

O mar como paisaxe emocional enguedella esta escolma de textos, mostra da escrita máis recente de María Lado, que publica Revista das Letras. Agromados, –agás o último–, da experiencia da maternidade e fortemente ancorados no cotián, revelan a concepción da poesía da súa autora. Vivos, próximos, frescos no seu estilo, espontáneos pero conscientes nas escolhas lingüísticas, permiten recoñecer á creadora de *Casa atlántica casa cabaret* (Xerais, 2002), *Berlín* (Poeta en Compostela, 2005), *Nove* (Edicións Fervenza, 2008) ou mesmo *A primeira visión* (letras da cal, 1997). O amor, como a soidade, a memoria, a dor da ausencia, os recordos da infancia, as pequenas cousas, a abisal relación cos obxectos e coa paisaxe, a identidade e o idioma, a morte, o mito e o conto, pegadas lenes pero intensas de preocupacións sociais, a atmosfera do mar rebelde da Costa da Morte... alicerzan a súa poética, que ela fai confluír coa música, a videocreación, a performance... en recitais sempre anovadores. Firme defensora da cultura libre, boa parte dos seus poemas poden lerse, e algúns escoitarse, en internet, no seu blog *Casatlántica*... Tamén se pode rastrexar a súa pegada en numerosas obras colectivas (*Negra sombra*, *Dez x Dez*, *Das sonoras cordas*, *Poetízate*, Festival de Poesía de Salvaterra do Miño 2004, *Por man propia*, e revistas (*Dorna*, *Nova Ólisbos*...)). Poemas poboados de imaxes. Da forza das ondas.

queres saber un secreto, meu ben? preguntábache eu
unha historia que se agocha nas cunchiñas do mar?
e ti
deitado na volta do meu embigo,
mollándome de bágoas o peito
e sen acougo,
apeniñas escoitas que esta area cálida,
asento por unha tarde dos teus pasos inseguros,
foi lambida dunha terra invisible pola boca do océano,
arrancada dun país ardente que desafiaba a fortaleza dos homes,
e a través de centos e silenciosos quilómetros,
traída ata nós e nesta praia
deitada.

e agora,
que se atopou contigo
cos teus pés inexpertos, coas túas mans miúdas, co teu rostro sucado polo sal
agora,
e pegadiña a ti,
é quen de contarche
–se deixas de chorar e a escoitas–
lendas marabillosas que as nais dese país distante
e esquecido,
inventan para calmar as bagullas dos seus fillos cando caen.

e sabes o que din?
sábelo, amor que nas areas miras
con ollos curiosos,
os beizos de mamá etiopía?
sábelo, valente pequeno
que só te consolabas
cunha pouca tetiña?

Falan de terras prósperas, case imposibles,
lugares nos que os nenos,
que todo o teñen,
nunca choran.

*para elas, e os seus nenos,
que son ti mais eu*

para o océano
ti eras só un neno de fanequeiras vermellas que a area enterraba,
un brazo fortemente prendido da miña saia morada

teño medo dos bichos, mami, dos bichiños do mar
e con forza de xigante collíaste da tea.

só así deixabas que o mar che lambese, sen avanzar, as pernas,
cravados ti e eu fronte á liña pola que a tarde escapaba.
mollándose o rodo da saia coas puntas do mar

ti
... acórdaste diso? eras só un neno

ao abrigo do monte de mallou
os dous eramos pequeniños, coma as caramuxas, no areal deitado
un dedo de brisa percorrendo as nosas costas
peiteando as herbas de namorar no lombo da praia

e esas outras prantas, mami, esas que son rabiños de coello
son, si. son.
e cando se moven así é porque os coellos están contentos
están

lémbrale? eu escribira fronte ao mar

estás aquí neste poema, ves?
e mamá tamén
e o mar
e os bichiños do mar?
tamén, e os rabiños de coello

todos aquí dentro deste poema, nesta botella, aquí metidos construindo un recordo deste día

bótala ao mar, meu amor?

pero calabas, agarrado á saia que a brisa preñaba.
e a onde iremos?
a onde o mar nos leve
e habemos de volver
non sabemos
e ti estarás comigo?
ata o último verso.

dende a ribeira vímola marchar. ti e mais eu, do outro lado do poema,

acórdache?

(poema perdido nunha botella e botado ao mar de muros no vran de 2009)

Primeiro de marzo.

O domingo comezara cedo de máis para o que adoitaban facer en día santo e fora cousa do pequeno B que estivesen a esa hora da mañá xa na rúa, xornal en man e pan acabado de mercar, comezando a almorzar nun bar moi curriño con vistas ao porto. El, bebendo aos poucos o seu café cargado botáballe un ollo ás reportaxes do suplemento, mentres ela lía o xornal co anaco de bolo na man aínda a medio mollar. O pequeno B cabo deles na súa cadeiriña, ollando os parruliños que colgaban fronte ao seu nariz. Así transcorría o almorzo, nunha placidez dominical só comparable coa que se pode conseguir na casa dun.

Queres outro bolo? Preguntoulle el cun sorriso larpeiro que quería dicir que el si que tiña intención de pedir outro. *Mmm, non*, díxolle ela, *teño dabondo con este*. E mentres el se erguía para ir ata a barra ela seguiu enfrascada na lectura do xornal, do que non erguera a vista dende había un bo anaco. *Moitas grazas*, escoitou que lle dicía o seu home ao mozo do bar, e acto seguido volvía á mesa cun pratinho pequeno no que traía un pastel de chocolate.

El volviu coller o suplemento e, comendo no bolo, intentou fixar a súa atención nalgunha reportaxe interesante pero non o conseguiu. Mirou o pequeno B, que estaba completamente concentrado nos parruliños, e despois mirouna a ela, completamente concentrada no xornal. Rematou o doce e o café. Non había ningún outro cliente no bar. De feito, apeniñas había xente pola rúa, talvez porque era demasiado cedo e só os poucos madrugadores votantes daquel primeiro de marzo e os pais desvelados coma eles saíran da cama daquela hora. Detrás da barra, o mozo trasfegaba con copas ás que sacaba concienciadamente brillo. E el seguía coa imaxinación perdida máis alá do suplemento. Mirou de novo a rúa a través da fiestra do bar. Observou o porto adormecido, ata que unha furgoneta azul se detivo diante do vidro ocultándolle parcialmente a vista. Baixou o condutor, un home novo pero demasiado gordo, vestido de traxe gris e pouca percha, que cuspiu no chan e despois abriu as portas traseiras para que saísen o resto dos pasaxeiros. Pero el non podía velos dende o bar. Só alcanzou a escoitar a voz estridente do home do traxe *Ven?, cando os traio eu sempre votan os primeiros, sempre votan os primeiros! E así é como se aproveita... así é como se aproveita o día!*

Daquela, el volviu a vista ao pequeno B, que desta vez facía globiños co cuspe na boca e cravaba os seus ollos nos ollos del. *Sabes?*, díxolle a ela por fin, *ás veces miro para o noso neno e intento imaxinar como será cando sexa grande. Porque non toda a vida se vai dedicar ás pompiñas de baba. No momento que menos o pensemos farase un homiño e atoparase aquí, neste mundo raro, cheo de novas horripilantes e seres indesexables. Si, díxolle ela, un día ímonos erguer da cama e atopalo afeitándose. E volveu á lectura dunha columna de opinión na que un crítico nada compracente analizaba as consecuencias da vitoria de tal ou cal partido. E nós seremos uns vellos*, engadiu el ollando para a furgoneta azul.

Un grupo de seis xubilados entrou no bar. Sentaron en dúas mesas contiguas ás deles. Unha das mulleres do grupo fíxolle un contiño ao pequeno B, que lle correspondeu cun parrafeo de as e es e un mostrario de sorrisos. *Parece mentira*, dixo a muller, *quei fala, tan pequeno e quei fala! Ti... has de ser político eh! Has de botar discursos?*

Dios nos aparte, respondiulle el á muller cun sorriso. *El, que estude.*

O home do traxe gris entrou detrás. Pidiu cafés e bolos para todos os xubilados. Pagou a volta e sentou na barra a tomar un sol y sombra.

Tarde e praia para o recordo.

Venres tarde. Á caída do sol. Inverno.

O pequeno B esperta dun breve sono. Mira ao seu redor. Está a praia, enorme extensión de area e borraqueira baixa que cobre a terra. Está o sol, que marcha.

Está papá, que o leva envolveito nunha mantiña, apertándoo contra o seu peito. E mamá, que vai co pescozo do abrigo ergueito e abraza a papá. Os dous falan, sorrín. Camiñan e a brisa vén, trae o sal do mar. Quédaselle nos beizos. B lámbeos... Así sabe Carnota.

(B fala)

Eles descubren que espertou: *espertaches be! Estabas aí...Ola amoríño...*

Están tamén as gaivotas que cortan o ceo, páranse no alto das pedras, andan polas pozas da ribeira. E aquí esas plantas que son coma rabiños de coello, que bailan ao vento.

Que dis B, gústache a praia?

Está mamá que senta na area e papá ao seu lado. Entre as plantiñas. Os rabiños de coello veñen e van, fan coxegas na volta das mans.

Está o mar, alá ao lonxe, rompendo en espuma. E unha muller e un home, apenas dous puntinhos que camiñan moi amodo. Semella que veñen.

Está mamá. *A que che sabe a area, B, sabe salgado?*

E papá, gústache...? é case marisco B...

E a parella que camiña endereita o seu rumbo. Veñen cara a eles.

Está tamén a area, toda chea de cousas minúsculas, anaquiños de universo brillantes...

E iso, explícalle papá, *é unha cunchiña de berberecho...*

Unha cunchiña de berberecho, repite mamá...

E o home e a muller que veñen están agora moi preto, se te fixas pode verse xa o seu rostro sorrinte.

Fronte a eles está a tarde que se escapa, esforzándose por chegar a recordo. E eses dous descoñecidos que viñan e que xa chegaron onda eles. Non dubidan en meterse na súa tarde. Sen reparo ningún, a muller descoñecida ceiba a lingua nada máis chegar.

Perdonad que os molestemos, pero os vimos de lejos con el niño y pensamos que aunque a él se le ve mui tranquilo, igual, es mui pequeño para que lo tengais aquí a esta hora, con el frio que ya hace y esta humedad de Galicia que te cala hasta los huesos..

E despois de falar quedan alí, parados, agardando unha reacción ou algo da inexperta familia.

Señora, dille finalmente mamá, *era bo que se apartasen, que o noso fillo está descubriendo o mundo e quer ver a posta de sol.*

Conto e canción para comer as verduras

Mira be, vouche contar unha historia.

Érache unha vez, alá polo tempo de maricastaña, un rei que vivía nun país pequeniño pero mui chusquiño, onde os días pasarían moi tranquilos de non ser porque ao chegar o mediodía, alá polas dúas, un ogro, que vivía no alto dunha torre no medio e medio do país aquel, espertaba de moi mal humor. Espertaba e poñíase a berrar, e a bater con todo canto atopaba: botaba as sillas ao chan, tiraba os pratos polas fiestras e remataba derramando o viño e mailo leite facendo inundacións grandísimas que asolagaban as terras dos veciños daquel reino tan curriño. E iso tíñano que aguantar día si, e día tamén, os veciños daquel lugar. E nin sequera o rei se librada disto, que algunha vez se lle teñen estragado as roupaxes á súa maxestade coas papas que o ogro cuspiía cando se erguía tan enfadado.

(Mentres el contaba isto, o pequeno be atendía dende a súa trona, situada no medio e medio da cociña)

Pois o caso é que chegou o día no que o rei quixo celebrar unha festa en honra da raíña, que estaba de aniversario, e montou no pazo real un festón... un despregue...chamou unha orquestra das boas –a panorama ou unha mellor–, contratou un mestre facedor de filloas, mercou unha ducia de porcos para asar ao espeto e convidou a todo o mundo, a to-do-o- mun-do, incluídos os veciños todos daquel país tan pequeno, porque dixo, bah, pa catro que somos, que veñan tamén xantar, que carallo, que ao fin e ao cabo isto sae das súas rendas.

(Neste punto o pequeno be abriu a boca nun sorriso, deixando ver os dous dentes de baixo e a sombra dos dous de riba que ameazaban con saírlle pronto. El colleu aire e continuou.)

E verás. Faltaban dous días e o rei xa tiña todo planificado para a festa, xa mandara os convites por correo, e chamara os cegos para que cantasen a noticia nas feiras, e aínda que todo estaba moi ben pensado a raíña, que era un pouco aburridiña, non deixaba de romperlle a cabeza:

mira, disálle, vaite falar con ese ogro, ou mándalle un cabaleiro, ou faime o que vexas pero sácamo de aí o día da festa, eh! Que non veña estragarme a celebración do meu aniversario, non quero trastos polo aire, nin papas podres caendo do ceo nin nada raro o día da enchimea! Que vamos ser a vergonza dos reinos todos!!! Faime iso dereitiño ou pídoche o divorcio en menos que canta un galo

(O neno, mirando en fite a seu pai. Semellaba agardar a continuación da historia, que era esta

Así que ante as ameazas da muller, ao rei non lle quedou máis remedio que chamar ao seu cabaleiro máis valente e rogarlle por todos os medios se presentase onda o ogro e negociase con el unha tregua para esa tarde da festa.

Pero o cabaleiro botouse atrás, malia que lle ofreceron un terreo moi bo que ían recualificar en breve, díxolle que todo mui ben pero que onda o ogro non ía que lle tiña muito medo. A verdade é que o rei tamén lle tiña medo, caghaba por el. E non atoparon entre todos os habitantes do reino un só que quixese irse enfrontar ao ogro. Contáronllo á raíña, que se puxo tola de ira. E como val máis facelo que mandalo, ao final, a raíña en persoa decidiu ir.

Agora el, que detivera a historia uns minutos, achegábase ao neno armado de paciencia, culler de silicona e trapo grande por diante.

Pois verás, be. A raíña subiu pola torre, aproveitando que o ogro botaba unha sonequiña, e presentouse alí na hora xusta, ás dúas en punto; a hora do xantar.

E que cres que atopou, be? Preguntaba seu pai mentres metía a culler nun cacharriño cheo de papa de acelgas.

Pois atopouse co ogro sentado na súa trona e a seu pai que lle quería dar a verdura. E o ogro coa boca pechada, batendo cos puños na mesa e tirando polo aire a culler chea de papa, e seu pai veña a querer darlle as acelgas e as acelgas veña a voar polo aire, xunto con wini the poo, e os xoguetes todos.

e sabes que pasou? Preguntoulle el mentres o pequeno be se negaba ante a culler, enzoufándose de papa verde. Pois pasou que a raíña tivo que darlle unhas azoutas ao ogro e obrigalo a comer e de paso doullas a seu pai tamén. Así que abre a boca e coome, antes de que túa nai se presente aquí montada en cólera e se acaben os contos!

(Do extenso catálogo de artimañas que el ela inventaron para comer)

A muller do cadro honraba todas as tardes o seu café das cinco, puntualmente ás cinco, porque a verdade, a ela nunca lle gustara o té pero sempre fora muller de costumes e ríxida en horarios. Nin sequera sendo moza, estando enferma ou viaxando do brazo do seu xa finado compañeiro, que fora home de marina, recordaba ter pasado un só día sen tan pequeno pracer. E con todas as cousas que a muller vivira –tempos malos, outros mellores e algún digno de esquecer no fondo da memoria– con todo, en ningún deses momentos faltara un só día á cita estimulante e amarga do pocillo. Ela sempre soubera apañarse para xuntar uns poucos gramos que fervía repetidas veces con tino de alquimista e ollo farmacéutico. E cada tarde, ás cinco, exacta e puntualmente ás cinco, a muller do cadro iniciaba a súa particular cerimonia. Sempre en silencio inmenso que detía as estancias.

Porque ese era un dos principais requisitos para a perfecta comunión coa tal substancia. Esa mínima intimidade outorgada pola fumegante cunca servíalle para escoitar os seus propios pensamentos resoando entre orella e orella.

E tal constancia reflexiva, pensaba a muller do cadro, era a razón última da súa saúde de ferro e do seu ánimo pétreo. E tamén da súa, por que non dicilo, lonxeva e dourada idade.

No entanto, unha tarde, a súa hora xusta e puntual, cando a muller do cadro se dispoñía a verter un copião de leite sobre o seu escuro néctar, un home de aspecto desaliñado parou á súa fronte nun café, nese café do que ela era cliente da máis queridas. E con soberana desvergoña, propia seguramente da xuventude, como ben matinou a muller do cadro, aquel insolente comezou a riscar no seu caderno liñas e borróns que a cada paso a buscaban coa vista para levala á páxina .

E nin unha palabra lle dixo, nin ningún outro ruído se escoitaba en toda a sala salvo aquel pequeno riscar de grafito que se entremetera entre a muller do cadro e a súa cunquiña sanadora.

E por primeira vez a muller, seria e firme como era, foi incapaz de gozar do seu café.

Por primeira vez pensou que a súa existencia silenciosa e apracible estaba sendo perturbada.

E máis aínda. Por primeira vez a muller sentiu unha curiosidade inmensa. Algo que a desconcentraba completamente. E por moito que intentaba volver á súa cunca, por moito que porfiaba por deixarse levar polo aroma cálido que manaba dela, en fin, por moito que trataba de seguir ao seu ... non foi quen.

Así é que se ergueu, algo irritada, para que ocultalo, coa intención de preguntar a aquel mozo que era o que o facía crer que ela desexaba ser retratada. E especialmente quería preguntarlle, sen ánimo de agardar resposta, quen se cría el que era para deter, co seu inoportuno acto, tan enorme gozo. Un dos poucos, por certo, que a esta altura a vida lle regalaba.

E xa estaba disposta a espetar o seu amargo xenio en plenos fuciños imberbes cando puido ver, aínda sen terse achegado de todo ao mozo ensimesmado, que a imaxe retratada a lápis era a dunha muller de xesto rexo e solitario, que en nada se semellaba á idea de pracer que nalgún tempo o seu padal recoñecera.

E foi desta maneira que a muller do cadro calou todo canto tiña na punta da lingua e volveu ao seu asento decepcionada.

E alí, rompeu a chorar amargamente. Lamentaba todos e cada un dos minutos estragados tras o pálido veo de fume de colombia que ascendía ata enturbarlle a mirada.

22 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 792

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS



Lolanda Zúñiga/Pelu Vidal

A soidade involuntaria, “esa que é imposta e non desexamos”, alicerza este proxecto de fotonarrativa da escritora Iolanda Zúñiga e o fotógrafo Pelu Vidal do que Revista das Letras ofrece un adianto. Imaxes tomadas por Vidal nas súas viaxes por distintas cidades do mundo, en cuartos de hotel, motel, albergue... son interpretadas de xeito subxectivo, sen información ningunha sobre o que aconteceu neses cuartos, pola creadora de *Vidas post-it* (Xerais, 2007) e *Amor amén* (Xerais, 2008) a través de “textos-pé de foto” que “falan desde a humildade, conscientes dos centos de perspectivas que pode ter un mesmo fotograma”. Pílulas que permiten recoñecer o estilo

Soidades compartidas

Iolanda Zúñiga e Pelu Vidal

da autora –o ritmo, a concisión, a rotundidade– e os temas que a inquietan: alén da soidade, a violencia, o engano, a frustración e a atrocidade cotiá dun mundo consumista e teledirixido que baleira as relacións humanas, os afectos ausentes, o declive individual e colectivo... Literatura terapia, como ela mesma a define, agromada da dor, do impulso de escribir... As imaxes de Vidal –fotógrafo freelance, que foi reporteiro gráfico en prensa e na actualidade está ligado á Axencia Galega de Reporteiros Solidarios Agareso, e cuxo traballo pode verse en www.peluvidal.com– e os textos de Iolanda Zúñiga complementáanse, dialogan, conformando unha poética compartida que cala fondo nas miserias do ser humano. Tamén na realidade núa.

Casandra vivía soa. Guisaba para un, a comida estragábase. Viaxaba soa e desaproveitaba o bono desconto para parellas. Non rifaba polos xeles sen tapa, polo vertedoiro ateigado de louza suxa. Casandra era unha single, solteira moderna, mais o seu carácter austero de muller autosuficiente ía rebrandecendo. Chegou o día en que cansou de ser unha nómade do sexo. Mercou unha percha espigada nunha feira da que pendurou unha americana que algún pretendente de tempo atrás esquecera levar á tinturaría. Cada noitiña sentaba ao seu carón a resumirlle os avatares na rúa, as subas dos prezos, o clima que nos tolea, o xefe que a amargaba. Casandra esquecera as caras dos nomes gardados no móbil, todas xentes de promesas inconclusas. É así que iniciou viaxes de ida coa percha cómplice calando todas as súas mentiras. E pagou dúas butacas no teatro, cambiou o colchón por un de 1'35, mercou produtos de barbear, tirou ao lixo a primeira tempada de *desperate housewives*. Namorou do colgadoiro fiel, compañeiro manco e consentidor dos seus coqueteos as noites nas que durmía fóra. Casaron polo civil.

Son as compañías das que abastecemos a soidade, se cadra absurdas, por veces indispensables. Sempre necesarias.



S

oidades compartidas. Desfixemos idénticas sabas coa certeza de quen prefire durmir compartido, co temor de quen non atura durmir só, coa tenrura de quen suxire durmir contigo. Compartidos. Quebrados e extraviados. Compartida a suor, a febre da necesidade, as apertas económicas. Axitamos un só catre. Acalamos a soidade. Sacudimos a decencia. E aquela noite démoslle plantón ao abismo. Non acudimos. E prostituímonos, coma tantas outras veces, nun desaforo inevitable. Ou aburrimiento. Ou desleixo. Case masturbación. Secuaz nosa unha perenne luz agónica sobre a cama. Fóra treboada eléctrica de outubro. Cinco moscas confusas voltearon a luz acesa. Dentro bochorno espido. A escolleita decidiuna a ocasión: cuarto dobre para dous. Mais coma seres impares acordamos a comunión dos sexos. Minúsculo o noso afecto. Infundas as ganas do engano mutuo. Desabotoamos a furia contida, a ira inventada, cínicos, nun vomitar teu de seme, nun recibir meu de alento. Para sentirnos individuos comúns, de a pé.


E aplaudimos esta ficción.
De complicidade compartida, con calquera compartida.



a

índa no limiar dos sonhos gocei daquel instante, daquel perfume barato, daquela tenrura túa, a derradeira. Aquela mañá, cobráchesme. Paguei decepcionado, sospeitando que chegaría este día, que deixarías débedas no banco, caricias morosas, que fuxirías. Sen acordos de despedida ou enderezo onde enviarche lacradas e manuscritas declaracións de amor. Descoñezo se foi ficción ou manequín de muller quen debullou o escaso desexo que me sostivo naquel tempo. Cercioro que foi femia famenta de ambición a que me enredou no engado. E claudiquei. Unha luz sentimental impregnaba a estancia dun case triunfo no amor. Saíches logo dun non nos volveremos ver imposible de negociar. Collín o primeiro tranvía cara a ningures e o teu cheiro íntimo nos dedos da miña man dereita confundíuse coa realidade incómoda. Sumei anos e canas e compromisos buscando aquel xeito sensual teu de atinar co sostén. Rastrexei cada ollada de cada muller en cada rúa. Intuínte agardando onda un semáforo, nunha fila impar nunha sesión de cine negro, parindo un fillo noso. Nestes días nos que triunfar é o correcto, mais o declive perségume fiel, as miñas fantasías de pago son enfronte dos espello, de costas a min.

A pesar daquel perfume barato, aquel día cobráchesme.



a

urxencia da madrugada fíxome escoller o primeiro motel de estrada que xurdiu por entre as luces longas do coche: *Tropicalia*. Rexistreime e aparquei debaixo do ascensor que me levou ata o dormitorio, de colcha fucsia con queimaduras disimuladas de cigarro, somier con varias posicións e un murmurado *j'e t'aime mais non plus* mal pronunciado como banda sonora. Naquela sordidez de cores caramelo visualicei as diferentes canles de televisión: porno caseiro, gay, amas de casa, lésbico... e subíume a febre, dos xenitais á sensatez. Probei un minivibrador antialérxico de látex obsequio da casa... e descubrinme no pracer bisexual. Petei na porta da parella do lado... e propuxen un trío, *bondage*, marmelada nos peitos da rapaza inexperta... e sentínme un depravado. Durmín esgotado. Mañá hei madrugar para chegar puntual onda o papá de Cuqui e pedirlle a man da súa nena recién licenciada en dereito. Prometeunos coma agasallo de vodas un pisiño en Oleiros. Ou mañá hei de convencelos durante a comida familiar que non son o xenro que eles agardan. Ou mañá quedarei outra noite no motel...

Mentres, vou probar o *jacuzzi* coa rapaza que está petando na porta...



e va proxectándose cara ao futuro. Deixando atrás as ducias de roles anteriores dos que exercera: obreira eficaz, esposa impecable, muller moderna. Recortou un anuncio da prensa: *se requieren señoritas para acompañar a ejecutivos en viajes de negocios. Perfecto inglés*. Mirouse no espello. Sopesou estrías, celulite, flaccidez. Chamou. *Si, teño dilatada experiencia coma conversadora e ampla formación coma escoitadora*. Mentiou tamén na idade e subliñou o seu perfecto francés. Arranxou a burocracia legal para deslearse das ataduras. Unha compañeira propúxolle Lola como pseudónimo. Co seu primeiro cliente tremeu. 1.000 €. Co segundo dubidou. 3.000 €. Co terceiro finxiu. 6.000 €. Adoptou o rol propio dunha empresaria todoterreo: abriu un blog onde poxaban polas as súas bragas usadas e impartiu cursos sobre os costumes sexuais da sociedade a futuras *escorts*. Agora acode ás festas dos futbolistas; agora opina na televisión, nun man a man co presidente, sobre melloras e protección; agora é reclamada por canto tipo traxado estaciona na cidade para facer negocios. Agora ela negocia con eles prezos axustados á súa valía.

Eva xa contratou un plan de pensións de cara á xubilación porque as novas xeracións de “lolas” veñen pisando forte.



C

ando botou as mans sobre a dor no peito, ela xa estaba na ducha. Cando saíu da ducha, el xa morrera. 20:32 pm. Ao longo daquel tempo estancado na ansiedade, noqueada, sen tino para alertar á recepcionista ou marcar un teléfono de urxencia, sentou a carón do home violáceo. Faloulle. Agora que o noso ía ben, que eu era noiva e non querida, déixaste morrer, cabrón... Ela optou por unha noite de amor en silencio, sen reproches. As imaxes no televisor sucedéronse coma resplandores de baleiro. Entrevistaron a María Álvarez, perruqueira de 80 anos, 66 de exercicio; conversaron cun adiviño, discípulo dun tal Leoncio, que descubrira 200 pozos de auga con péndulo e rama de oliveira en man; no sur, infrecuentes chuvascos; Phelps obtiña a octava medalla de ouro en Pekín; nos sucesos, roubos por alunizaxe, narcotransportistas con planadoira e alixo de 3500 quilos de cocaína, nenos e mulleres somalís nunha patera inzada de cadáveres; Ricky Martin pai de xemelgos froito dun ventre de aluguer; unha cría de balea desorientada morría de fame tras confundir a nai cunha embarcación. E, por fin, a teletenda insomne: alongador de pene por 19'95 € ao mes. 3:32 am.

Marcou un teléfono: *si, son eu, creo que namorei del, finalmente cianuro, non, non estou chorando, recollo o cheque onde acordamos. Ao portador.*



29 OUTUBRO DO 2009 - NÚMERO 793

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS





Es- quia- gra- fías

Dores Tembrás

Henry Talbot, un dos pais da fotografía, inspira este traballo de Dores Tembrás que publica Revista das Letras. Textos que reflicten a “fascinación” da autora pola obra de Talbot, pola “beleza e estética dos seus experimentos, calotipos e esquiagrafías” –ilustracións dos obxectos a través das súas sombras–, e propoñen ademais unha reflexión sobre “o papel-sentimento-emoción do creador, a soidade máis íntima nesa éxtase, o momento que non se pode compartir, o individuo máis individuo ca nunca”. Tembrás, (Bergondioño, A Coruña, 1979), filóloga e especialista na obra de Alejandra Pizarnik, cativou a crítica co seu primeiro poemario, *O pouso do fume*, editado por Espiral Maior, un percorrido pola memoria da infancia na aldea, pola “historia do que somos”, a “orixe”, no que a autora condensa as emocións e o recordo dun mundo que se vai en evocadoras imaxes e versos mínimos, dunha sinxeleza fragmentada e capaz de calarnos fondo. *Esquiagrafías* revela esa mesma voz poética. “Levedades do cloruro / a riscarme a pel / e ti / tan exacto / que non albiscas / o desexo / do positivo”.

Benquerido Henry,

*non son Contance. Quero contarche que os teus últimos calotipos me acompañan,
fascinada como estou desta maxia practicada entre catalizadores e cloruro de prata.
Aínda non me explico que Daguerre sexa máis famoso ca ti. Túas as sombras verda-
deiras en papeis lavados con sal. Teus os feitos negativados. As miñas mans, agora
túas.*

inventaches a caixa
funil de sombra
cadaleito de luz

coma co leite callado

para o negativo

tronada
fotoquímica

experimentas
certeza
almidonada de encaixe

mans que arrolaron
fragmento
de perfecta caligrafía
non sospeitas
a Pusher en Nottingham
bordando
sombra de tul
para ti
ou luz estancada

e es
sedimento de cobre
inflorescencia
en caixa metálica
dente de león
ou tirafondo
a oxidar o papel
que treme

non é o regato a extinguirse
en negativo
perspectiva horizontal
buxo seco
ou espiño
en papel salgado


Talbot
osma pola Ofelia
aínda nena
coroa de prímulas
retida
en lente convexa



procurabas para min
cristais pintados
lonxe
efémero
bafo na lente do peito
ou hedra

tarde aquecida
de alento na caluga
amor

levedades de cloruro
a riscarme a pel
e ti
tan exacto
que non albiscas
o desexo
do positivo




non entendes
nestes días
todo me sobra

prenso
ás de insecto
e fágome entomólogo
para capturar o voo
prolongación do ar

avelaíña
ou cabalo do demo

convértome en fósil
sen ti



8 | **r d l**
Galicia Hoxe 29/10/09

na lentura do silencio
pluma
en lente vermella
alfinete
ou película

percutindo
os teus inventos
neste cuarto escuro

así
atrás de ti
expóñome
á luz
trinta segundos

a túa latencia
revelando
mofo no obxectivo

